

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 30 DE MAIO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás catorce horas do día trinta de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten dona Josefa Míguez Boquete, encargada do padrón municipal de habitantes e censo, don Sergio Cao Mahía, informático auxiliar, don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica M^a Otero López, secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Sorteo para nomear os membros das mesas electorais nas vindeiras eleccións, segundo convocatoria efectuada por Real decreto 184/2016, do 3 de maio, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria de eleccións

Tendo en conta o disposto no artigo 26 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, que consta do seguinte teor literal:

“1. A formación das mesas compete aos concellos baixo a supervisión das xuntas electorais de zona.

2. O presidente e os vogais de cada mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días. O presidente deberá ter o título de bacharelato ou o de formación profesional de segundo grao, ou subsidiariamente o de graduado escolar ou equivalente.

3. Procédese da mesma forma ao nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da mesa.

4. Os sorteos enriba mencionados realizaranse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria.”

Unha vez efectuado o sorteo, mediante a aplicación informática facilitada pola Oficina do Censo Electoral (Programa CONOCE), imprímense os 30 impresos N.2 *Comunicación da composición das mesas* para remisión á Xunta Electoral de Zona e ao Xulgado de Paz de Cambre, nos que constan os datos relativos ás 30 mesas electorais do Concello de Cambre, con indicación do distrito censual, sección e mesa, así como o nome, apelidos, DNI, núm. de elector e enderezo dos titulares e suplentes elixidos en cada mesa. Unha copia, debidamente dilixenciada, incorpórase ao expediente desta sesión plenaria.

A secretaria accidental vai dando lectura, a medida que se van imprimindo, ao nome e apelidos dos electores nomeados titulares e suplentes, con indicación da mesa e o cargo que lles corresponde, tal e como se transcribe a continuación:

Distrito censual: 01	Sección: 001	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Bocija Costoya, Paula	
1º vogal:	Barrio Parga, Jesús Carlos	
2º vogal:	López Fernández, Ramón	
Suplentes		
1º do presidente:	Castiñeiras Rama, Manuel Francisco	
2º do presidente:	Barbeito Ramos, Javier	
1º do 1º vogal:	López Pérez, José Manuel	
2º do 1º vogal:	Buento Ortega, Jorge Juan	
1º do 2º vogal:	Díaz Cordal, Sara	
2º do 2º vogal:	Argüelles Botana, Jesús Manuel	

Distrito censual: 01	Sección: 001	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Romero Mantiñán, Paola	
1º vogal:	Paz Vázquez, Manuel	
2º vogal:	Martínez Pardo, Francisco Javier	
Suplentes		
1º do presidente:	Ruiz Diez, María Mercedes	
2º do presidente:	Mariño Rodríguez, M. Luisa	
1º do 1º vogal:	Obeid Abdo, Ramzi Mohammad	
2º do 1º vogal:	Rodríguez Martín, Guzmán	
1º do 2º vogal:	Moreno Zorrilla, Francia Viviana	
2º do 2º vogal:	Roca Bertojo, M. José	

Distrito censual: 01	Sección: 002	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Blazquez Barca, Susana	
1º vogal:	Candal Botana, María Inés	
2º vogal:	Graña Manteiga, Josefa	
Suplentes		
1º do presidente:	Fernández García, Victor Jesús	
2º do presidente:	Fente Castro, Miguel Ángel	
1º do 1º vogal:	Concheiro Pardo, Javier	
2º do 1º vogal:	Gómez Barbeito, Carlos	
1º do 2º vogal:	García Míguez, Jacobo	
2º do 2º vogal:	Bañales Mendoza, M. Teresa	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Distrito censual: 01	Sección: 002	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Vila Marcos, Alberto	
1º vogal:	Rabuñal Rivas, Ramón	
2º vogal:	Rodríguez Curra, María Begoña	
Suplentes		
1º do presidente:	Ramos Padín, Juan	
2º do presidente:	Sanjurjo Paz, Yara	
1º do 1º vogal:	Solana Sánchez, Antonio Nicolás	
2º do 1º vogal:	Martínez Otero, Gemma María	
1º do 2º vogal:	Raña Veira, Arturo	
2º do 2º vogal:	Del Río Regueira, Rubén	

Distrito censual: 01	Sección: 003	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Cordero Mamani, Magaly	
1º vogal:	Ferreiro Centeno, David	
2º vogal:	Fano Méndez, Fernanda	
Suplentes		
1º do presidente:	Allones Allo, María Isabel	
2º do presidente:	Castiñeira Díaz, Javier	
1º do 1º vogal:	García Viña, Silvia	
2º do 1º vogal:	Arcas Rey, Yesica	
1º do 2º vogal:	Enríquez de Vicente, José Luis	
2º do 2º vogal:	Castro Güeto, Rubén	

Distrito censual: 01	Sección: 003	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Rego Martínez, Francisco Javier	
1º vogal:	Méndez Cernadas, Óscar	
2º vogal:	Paredes Ferrio, José Luis	
Suplentes		
1º do presidente:	De Paz Delgado, Patricia	
2º do presidente:	Pan Suárez, Andrés Anibal	
1º do 1º vogal:	Pérez Moar, Francisco Javier	
2º do 1º vogal:	Martínez Pereira, Luis	
1º do 2º vogal:	Veloso Castro, Noelia	
2º do 2º vogal:	Martínez Rivas, Adela	

Distrito censual: 01	Sección: 004	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Cabezas López, Tomás	
1º vogal:	Diéguez Pereira, Jorge	
2º vogal:	Díaz Lesta, Juan Carlos	
Suplentes		
1º do presidente:	González Raposo, José Manuel	
2º do presidente:	Iglesias Maroño, Jorge Luis	
1º do 1º vogal:	Longueira Gómez, Jacobo	
2º do 1º vogal:	Gómez Martínez, Fernando	
1º do 2º vogal:	Buján Iglesias, Juan Ignacio	
2º do 2º vogal:	Estévez Gómez, Paula	

Distrito censual: 01	Sección: 004	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Olalla Cano, Carlos	
1º vogal:	Vázquez Vilar, Diego	
2º vogal:	Rodríguez Vales Villamarín, Pablo	
Suplentes		
1º do presidente:	Ruíz Barba, Pablo	
2º do presidente:	Marín Naya, José Ignacio	
1º do 1º vogal:	Rodríguez Sánchez, María Montserrat	
2º do 1º vogal:	Sánchez Manteiga, José Antonio	
1º do 2º vogal:	Vázquez Vázquez, Silvia	
2º do 2º vogal:	Méndez García, Arturo	

Distrito censual: 01	Sección: 005	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Blanco Figueroa, José Antonio	
1º vogal:	Devesa Anciones, Beatriz	
2º vogal:	Blanco Sardina, Alejandro	
Suplentes		
1º do presidente:	De Llano Gomez-Ulla, Bruno	
2º do presidente:	Díaz Sánchez, M. Teresa	
1º do 1º vogal:	Hernández Pérez, Macarena Beatriz	
2º do 1º vogal:	González Vázquez, Cristina	
1º do 2º vogal:	Corral Casas, Antonio	
2º do 2º vogal:	Aguiar Rodríguez, José	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Distrito censual: 01	Sección: 005	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Tato Alonso, Lorena	
1º vogal:	Rodríguez Cabello, María Pilar Consuelo	
2º vogal:	Sabaris Abalo, Guillermo	
Suplentes		
1º do presidente:	Menéndez García, Marta Isabel	
2º do presidente:	Torreiro Saavedra, Antonio	
1º do 1º vogal:	Santiso Doldan, Simon	
2º do 1º vogal:	Martínez Ramallal, María Verónica	
1º do 2º vogal:	Villaverde Lozano, Diego	
2º do 2º vogal:	Ramos Naveira, Miguel	

Distrito censual: 01	Sección: 006	Mesa: U
Titulares		
Presidente:	Prieto Lamas, Cristina Rocío	
1º vogal:	Cortés Seoane, Lidia	
2º vogal:	Barbeito Caridad, Diego	
Suplentes		
1º do presidente:	Villanueva Segade, María Mercedes	
2º do presidente:	Costa Naveira, María Dolores	
1º do 1º vogal:	Martínez Ramón, María del Pilar	
2º do 1º vogal:	Sánchez Piñeiro, Brais	
1º do 2º vogal:	Díaz García, Nereida	
2º do 2º vogal:	Aguar Rodríguez, Emilio Ramón	

Distrito censual: 01	Sección: 007	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Cazas García, Juan Bautista	
1º vogal:	Graiño Ordoñez, Juan María	
2º vogal:	García Mella, Pablo	
Suplentes		
1º do presidente:	Carrera Gutiérrez, Manuel David	
2º do presidente:	Casal Galán, Francisco Manuel	
1º do 1º vogal:	López Fernández, Estefanía	
2º do 1º vogal:	Castellanos Jiménez, Sergio Hilario	
1º do 2º vogal:	Díaz Gantes, Alberto Antonio	
2º do 2º vogal:	Fernández Velasquez, Teodocia	

Distrito censual: 01	Sección: 007	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Pereira Carballo, Susana	
1º vogal:	Ventureira Mayán, Concepción	
2º vogal:	Méndez Fernández, José María	
Suplentes		
1º do presidente:	Miguel Melero, Óscar	
2º do presidente:	Mena Acevedo, Daniel Steven	
1º do 1º vogal:	Moscoso Corral, María	
2º do 1º vogal:	Romero Mouriño, Esther	
1º do 2º vogal:	Soto Piñero, Rosario	
2º do 2º vogal:	Vázquez Mirón, María Herminda	

Distrito censual: 01	Sección: 008	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	López Fernández, María Remedios	
1º vogal:	Bolón Rieiro, Victor Santiago	
2º vogal:	Blanco Bulnes, Maribel	
Suplentes		
1º do presidente:	Fadda Pin, Marcelo	
2º do presidente:	Fernández Rapela, Yaiza María	
1º do 1º vogal:	Franco Cardona, Juan David	
2º do 1º vogal:	Durán Martínez, Isolina	
1º do 2º vogal:	López Fernández, Ana Isabel	
2º do 2º vogal:	Caamaño Fernández, Lorena	

Distrito censual: 01	Sección: 008	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Sobral Pujades, Hugo	
1º vogal:	Priegue Louro, Denia	
2º vogal:	Meizoso Roel, José Antonio	
Suplentes		
1º do presidente:	Montes Villar, Verónica	
2º do presidente:	Rivero Castillo, Ricardo	
1º do 1º vogal:	Mato Longarela, Luis	
2º do 1º vogal:	Mota Álvarez, Cristian	
1º do 2º vogal:	Prego López, José Ramón	
2º do 2º vogal:	Pérez Vázquez, M. Eva	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Distrito censual: 01	Sección: 009	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Domínguez Leis, Diego	
1º vogal:	García Oubiña, María de las Nieves	
2º vogal:	Bravo García, María	
Suplentes		
1º do presidente:	Caballero García, Irene Beatriz	
2º do presidente:	García Vázquez, Jesús	
1º do 1º vogal:	López Exposito, Iria	
2º do 1º vogal:	Barros Camba, Ruth María	
1º do 2º vogal:	García Cristobal, Eliseo	
2º do 2º vogal:	Amil López, Demetrio Manuel	

Distrito censual: 01	Sección: 009	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Mayobre Pelaez, María Teresa	
1º vogal:	Rocha Sánchez, José Antonio	
2º vogal:	Varela Pagano, Melodie	
Suplentes		
1º do presidente:	Pérez Sánchez, Antonio Gerardo	
2º do presidente:	Varela Martínez, Mario José	
1º do 1º vogal:	Méndez Couso, José Antonio	
2º do 1º vogal:	Mantiñán Prado, Adoración	
1º do 2º vogal:	Pena Pardo, Noelia	
2º do 2º vogal:	Marques del Valle, María Teresa	

Distrito censual: 01	Sección: 010	Mesa: U
Titulares		
Presidente:	Catoira Pan, Natalia	
1º vogal:	Suárez Fernández, Silvia	
2º vogal:	Cal Espiñeira, Laura	
Suplentes		
1º do presidente:	Cernadas Rey, María Enriqueta	
2º do presidente:	Carro Pernas, M. Esther	
1º do 1º vogal:	García Iglesias, José Ramón	
2º do 1º vogal:	Peralbo Uzquiano, Manuel	
1º do 2º vogal:	Vázquez Méndez, Claudino	
2º do 2º vogal:	Carames Carracedo, Silvia del Rosario	

Distrito censual: 01	Sección: 011	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Iglesias Pan, Yolanda	
1º vokal:	Adelantado Filgueira, Gerardo	
2º vokal:	Duque Fuertes, David	
Suplentes		
1º do presidente:	Corporan Santana, Elvin	
2º do presidente:	López González, Iván	
1º do 1º vokal:	Lorenzo Andrade, Patricia	
2º do 1º vokal:	Fiaño Cacheda, Graciela	
1º do 2º vokal:	Gómez Cabanas, Francisco Javier	
2º do 2º vokal:	Arceo Martínez, María Belén	

Distrito censual: 01	Sección: 011	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Seijoso Ochoa, Miguel Ángel	
1º vokal:	Del Río Surribas, Fernando	
2º vokal:	Martínez Sande, Saul	
Suplentes		
1º do presidente:	Macías Rial, José	
2º do presidente:	Malvar Culebras, María Victoria Honor	
1º do 1º vokal:	Villar Villar, María del Pilar	
2º do 1º vokal:	Martínez Mouriño, Ana Isabel	
1º do 2º vokal:	Tomé Trinidad, Virtudes	
2º do 2º vokal:	Veiras Veiras, Daniel	

Distrito censual: 01	Sección: 012	Mesa: U
Titulares		
Presidente:	Robledo Peinado, Juan Carlos	
1º vokal:	Balado Casas, Marcos	
2º vokal:	Nodar Fernández, Dulce María	
Suplentes		
1º do presidente:	Muñoz González, Pedro	
2º do presidente:	Taibo Rama, Loreto	
1º do 1º vokal:	Portela Seivane, Roberto	
2º do 1º vokal:	Rey Campelo, José Andrés	
1º do 2º vokal:	Neira Pérez, Rubén	
2º do 2º vokal:	Armada Vázquez, Araceli	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Distrito censual: 02	Sección: 001	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Baña Lourido, M. Divina	
1º vogal:	García Pablo, José Antonio	
2º vogal:	Gago Regueira, María	
Suplentes		
1º do presidente:	Calvo Carnota, Emilio	
2º do presidente:	Balado Castro, Fernando	
1º do 1º vogal:	Costoya Bravo, María	
2º do 1º vogal:	Cabana López, María Carmen	
1º do 2º vogal:	Carro Varela, Marcos Felipe	
2º do 2º vogal:	Farto Graña, Damián	

Distrito censual: 02	Sección: 001	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Rosales Crespo, Juan Antonio	
1º vogal:	Sánchez Ares, Lorena	
2º vogal:	Quintela Martínez, Manuel	
Suplentes		
1º do presidente:	Rama Rivas, Martina Estefanía	
2º do presidente:	Villamisar Varela, Paula	
1º do 1º vogal:	Mella Sanjurjo, José Manuel	
2º do 1º vogal:	Pérez Vázquez, Francisca	
1º do 2º vogal:	Vázquez Amor, Juan Daniel	
2º do 2º vogal:	Patiño Raimundez, Iván	

Distrito censual: 02	Sección: 002	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Martínez Rico, María Celeste	
1º vogal:	Villar Cañas, Silvia María	
2º vogal:	Gantes Cabaño, Laura	
Suplentes		
1º do presidente:	Míguez Mouzo, M. Ángeles	
2º do presidente:	Freire Pérez, Ramón	
1º do 1º vogal:	Fernández Leovalde, Guillermo	
2º do 1º vogal:	Castelos Boutureira, Antonio	
1º do 2º vogal:	Martínez Míguez, José	
2º do 2º vogal:	Longueira Faustino, Fernando Javier	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Distrito censual: 02	Sección: 002	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Grela Mosquera, Verónica	
1º vogal:	Blanco Ramallal, Patricia	
2º vogal:	Fernández González, Manuel	
Suplentes		
1º do presidente:	Ibáñez Brillas, Pedro	
2º do presidente:	Fernández Sánchez, María Jesús	
1º do 1º vogal:	Montero García, Antonio Manuel	
2º do 1º vogal:	Torreiro Iglesias, Pablo	
1º do 2º vogal:	Torreiro Naya, Sofía	
2º do 2º vogal:	Fernández Villar, Brais	

Distrito censual: 02	Sección: 003	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Samaniego Reimundez, Roberto Javier	
1º vogal:	Aradas Paz, M. Esther	
2º vogal:	Martínez de la Iglesia, M. Josefa	
Suplentes		
1º do presidente:	De Blas Rodríguez, Antonio Manuel	
2º do presidente:	Pérez Arcay, Cristina	
1º do 1º vogal:	Vidal Patiño, Fernando	
2º do 1º vogal:	Paradela Reimúndez, Eliseo	
1º do 2º vogal:	Presa Roel, Francisca	
2º do 2º vogal:	Brandariz Brez, María del Carmen	

Distrito censual: 02	Sección: 003	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Quinteiro González, Arián	
1º vogal:	Naveira Pereiro, Elvira	
2º vogal:	Chas García, María	
Suplentes		
1º do presidente:	Barros Seoane, Patricia	
2º do presidente:	Blanco Rodríguez, Noelia	
1º do 1º vogal:	Barreiro Posso, Jaime Manuel	
2º do 1º vogal:	De Castro Lorenzo, Carlos	
1º do 2º vogal:	Seoane Iglesias, Juan	
2º do 2º vogal:	Recouso López, Ana María	

Distrito censual: 02	Sección: 003	Mesa: C
Titulares		
Presidente:	García Morandeira, María José	
1º vogal:	Valle Rodríguez, Inés María	
2º vogal:	Longueira Míguez, José Antonio	
Suplentes		
1º do presidente:	Cid Abadía, María Julia	
2º do presidente:	López-Sors Cano, Ignacio Paris	
1º do 1º vogal:	Meléndrez Fassbender, Xacobe Rodolfo S.	
2º do 1º vogal:	Nieto Calvo, María Rosario	
1º do 2º vogal:	Latorre Souto, José Manuel	
2º do 2º vogal:	Torreiro Roel, Antonio	

Distrito censual: 02	Sección: 004	Mesa: A
Titulares		
Presidente:	Barbeito Cacheiro, Julián	
1º vogal:	Meijide Sánchez, María del Carmen	
2º vogal:	Díaz Lago, Irina	
Suplentes		
1º do presidente:	Castelo López, Vanesa María	
2º do presidente:	Barbeito Cacheiro, Yelina	
1º do 1º vogal:	García Muñiz, Jesús Miguel	
2º do 1º vogal:	Casal Roel, Luisa	
1º do 2º vogal:	Barón Aguilar-Tablada, Carlos	
2º do 2º vogal:	Cruz Sánchez, Julio Francisco	

Distrito censual: 02	Sección: 004	Mesa: B
Titulares		
Presidente:	Santoandre García, Alejandro	
1º vogal:	Mosquera Matos, Fernando	
2º vogal:	Mosquera Longueira, Noelia	
Suplentes		
1º do presidente:	García Carneiro, Camila Carmen	
2º do presidente:	Baamonde Ortiz, Pablo	
1º do 1º vogal:	Mosquera Sánchez, María Belén	
2º do 1º vogal:	Abrodo Fuentes, Manuel	
1º do 2º vogal:	España Riveiro, Silvia	
2º do 2º vogal:	Matamoros Rodríguez, José	

2. Asuntos incluídos na orde do día da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de maio de 2016 que non puideron ser debatidos e resoltos por terse levantado a sesión ás 24:00 horas, isto en aplicación do disposto no artigo 103.2 do Regulamento orgánico municipal

O Sr. alcalde informa que teñen pendentes as preguntas de Asemblea Cidadá de Cambre.

Solicita a palabra don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, quen manifesta que o seu grupo quere formular dúas cuestións de orde respecto do que pasou no pleno ordinario.

O Sr. alcalde dille que non toca, non están entre os asuntos incluídos neste pleno.

Don Juan Abalo Castex sinala que é precisamente pola situación do seu grupo municipal. É unha cuestión de orde pola situación que se produciu no pleno, na que se expulsou ao voceiro do PP, e pola que saíron o resto de membros do seu grupo municipal.

Expón que a primeira cuestión de orde, co debido respecto ao Sr. alcalde, é pola ausencia de recriminación que houbo no último pleno ante os insultos que recibiron os membros do Grupo Municipal Popular. Solicitan esta cuestión porque é unha conduta reiterada por parte de membros da Corporación, e o Sr. alcalde, como moderador dos debates, debe ser o alcalde de todos, entre eles tamén dos membros do Grupo Municipal Popular, e cando vexa que hai, dende o Grupo Popular así o entenden, un insulto cara aos membros de calquera dos grupos municipais, debería chamar á orde.

O Sr. alcalde indícalle que xa llelo dixo no pleno. El non considerou, en ningún momento, que se lles tivera insultado. Se tivera sido así, dille que non dubide de que os tería chamado á orde, como xa o ten feito noutras ocasións.

Don Juan Abalo Castex manifesta que eles consideran que xa é a terceira vez que ocorre. É certo que a primeira vez o Sr. alcalde interveu e se retiraron as palabras, pero a segunda vez non o fixo, e esta terceira vez foron reiterados os insultos cara aos membros do Grupo Municipal Popular, de aí a súa protesta. Solicítanlle que como moderador dos debates actúe realmente como alcalde e como defensor de todos os membros da Corporación.

Continúa dicindo que o segundo asunto respecto da cuestión de orde que querían formular, é polo incumprimento reiterado, unha vez máis, do Regulamento orgánico municipal, e no caso de que existira algunha dúbida respecto do que está dicindo, solicitaría que por parte da señora secretaria accidental se lera o que di o artigo 111.1, alíneas d) e e), respecto de cales son as intervencións, quen ten a quenda de palabra e quen debe pechar esa quenda, porque entenden que se está incumprindo reiteradamente o que dispón o Regulamento.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen di que, tendo intervído o concelleiro do PP, pasan ás preguntas de Asemblea Cidadá de Cambre.

Don Juan Abalo Castex manifesta que, se non teñen en conta o que acaba de expoñer, o seu grupo vai abandonar o pleno, e por iso solicita a contestación por escrito das preguntas presentadas polo PP.

O Sr. alcalde dilles que fagan o que vexan oportuno.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, indica que el entende que está expulsado do pleno.

O Sr. alcalde contesta que do pleno pasado.

Don Manuel Rivas Caridad sinala que isto é unha continuación daquel pleno.

O Sr. alcalde reitéralles que poden facer o que consideren oportuno, que el non lles vai dicir que se vaian ou deixen de ir, aquí vanse ler as preguntas que quedaron pendentes de ACdC-SON, que considera que son as que quedaron pendentes ás 24:00 horas do mércores pasado, e é co que van continuar.

Don Juan Abalo Castex reitera que, co permiso do Sr. alcalde, solicitan que se lles conteste por escrito ás preguntas que o Grupo Popular tiña presentado.

O Sr. alcalde responde que non teñen por que contestarles por escrito.

Don Juan Abalo Castex declara que entón serán presentadas no seguinte pleno e por rexistro, e respecto do cumprimento do Regulamento orgánico municipal tomarán as medidas legais oportunas para que se cumpra.

O Sr. alcalde dille que lle parece correcto.

Cando son as catorce horas e vinte e catro minutos os seis concelleiros integrantes do grupo municipal do PP abandonan a sesión (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

A continuación, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, continúaase coa sesión.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/54 o día 20 de maio de 2016, xunto coa moción e cos rogos presentados para o pleno ordinario que tivo lugar o día 25 de maio de 2016.

1^a Transcorridos seis meses dende a presentación dunha iniciativa sobre a salubridade da auga nas fontes públicas do concello, o noso grupo pregunta:

Que medidas preventivas ten tomado o Goberno sobre a calidade da auga nas fontes públicas do termo municipal de Cambre?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que, como todos saben, analizar a auga non é fiable. Hoxe pode saír ben e mañá mal. O que teñen encargado son uns carteis onde pon "Auga non potable" que estarán colocados o máis axiña posible.

Toma a palabra o Sr. alcalde para lembrar que quedaba pendente tamén con esta concelleira un rogo que ACdC fixo o outro día, respecto do tema do centro de saúde, no que ían decidir se lles contestaba no pleno ou por escrito. El xa lles intentou contestar, e pregúntalles se queren que lles conteste agora tamén a iso a señora concelleira, que non hai ningún problema.

Dona Josefa Vázquez Soto expón que ela cre que no pleno do pasado mércores o Sr. alcalde xa deu resposta. Ela só quere engadir que este venres se falou outra vez con eles, e nin eles mesmos saben a data en que se vai abrir.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, pregunta quen son eles.

O Sr. alcalde contesta que a propia Xunta, e engade que ao mesmo mail dende o cal a Xunta solicitou ao concello que remitira o enderezo do centro, a ese mesmo mail enviaron a contestación de cal era ese enderezo, e ademais preguntáronlles cal era a data aproximada de apertura. Dende a consellería chamaron para dicir que eles non tiñan a data tampouco, que non o sabían. Parece que o único que o debe saber é o presidente da Xunta e ninguén máis, porque por máis que preguntaron ata agora a resposta foi cero.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, pregunta se non motivaron esa resposta, é dicir, se non lles dixeron por que non tiñan data.

O Sr. alcalde manifesta que pola parte do concello teñen todo de alta, teñen todo perfecto, en principio, e non motivaron nada máis.

Don Antonio Bruquetas Santos pregunta polo problema aquel do que falan, sobre as medidas e esas cousas que se comentaron, e se o xustificaron así.

O Sr. alcalde dille que non, que non dixeron nada, e que se é por iso non llelo van dicir, seguramente van solucionalo antes de abrir.

2ª Segundo a XGL do 9 de maio de 2016, no recollido no apartado de informes do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos e Servizos Sociais, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, infórmase no seu teor literal do seguinte:

“En canto ao técnico de orientación laboral, decidiuse interromper a colaboración co Servizo Público de Emprego de Galicia.”

Dende o noso grupo municipal preguntámonos sobre a conveniencia da interrupción desta colaboración, aínda que a insuficiente información da que dispoñemos lévanos a cuestionarnos se será a suspensión desta colaboración un agravante para aquelas persoas desempregadas de Cambre, e por este motivo preguntamos:

Poden informarnos máis pormenorizadamente dos motivos que levaron a esta decisión así como das consecuencias que esta orixinará nos veciños demandantes de emprego?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro da Área de Recursos Humanos e Servizos Sociais, contesta que como todos saben non hai competencias municipais en materia de emprego. Aquí dende novembro de 2013 hai contratada unha técnica de orientación laboral, á que se lle paga unha subvención da Consellería de Traballo e Benestar, que achega 20.000 euros, e o concello achega 5.935.

Por parte do concello, dende a Axencia de Desenvolvemento Local solicitouse, xa pola concelleira dona Mª Dolores Blanca García Fernández, a prórroga desa subvención e da praza de técnico de orientación laboral.

Segundo o escrito que lle fai o xefe de persoal, a contratación fíxose como obra ou servizo e prorrogouse por tres anos. Eses tres anos cúmprense en novembro do 2016, pero o estatuto marco recolle que un contrato que acada tres anos como obra o servizo, se o prorrogan nas mesmas condicións, a persoa que está nese momento ten dereito a seguir na mesma praza, porque non mudou a praza, a praza é a mesma, as funcións son as mesmas, a obra ou servizo é o mesmo, e a duración outros tres anos. É dicir, correrían o risco de ter que contratar a esa persoa como laboral fixa. Tamén podería darse outra circunstancia, que esa persoa nun inicio non solicitara a praza, viñera unha persoa a substituíla, collera a praza por tres anos, ir ao xulgado igualmente a denunciar ao concello, e poderían atoparse coa situación de ter dúas persoas para facer o mesmo.

O que se decidiu dende a concellería foi interromper, que non dixeron suspender, senón interromper temporalmente a contratación, e pediron unha entrevista co director xeral da Consellería de Traballo para explicarlle como é o tema, e que lles diga exactamente que é o que teñen que facer para non incorrer nunha ilegalidade.

Conclúe dicindo que simplemente ese é o tema, que ten aquí o escrito e que despois llelo pasa, para que saiban o que fixeron e o que pediron.

3ª No pasado mes de abril o Goberno suspendeu os bailes organizados pola Asociación da Terceira Idade da Barcala debido aos ruídos que esta actividade xera e que o local non parece reunir as condicións legais necesarias para levar a cabo este tipo de eventos.

A decisión do Goberno foi dar cumprimento ao informe xurídico e suspender de inmediato a actividade antes de darlle unha solución ao problema, orixinando un grave descontento entre moitos dos usuarios.

Actualmente non temos coñecemento de en que situación se atopan as conversas entre o Goberno e a Asociación ou se existe algunha solución que sexa de satisfacción das dúas partes. Preguntamos:

Pódenos informar o Goberno sobre a actual situación deste conflito?

Dona Mª Jesús Gómez González, concelleira da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación, contesta que é vontade do Goberno municipal que a actividade continúe, para iso vanse realizar obras de mellora no local da agrupación, para que se poida seguir realizando a actividade en condicións legais.

O Sr. alcalde engade que a prioridade é que se siga no mesmo sitio, esa é a súa prioridade. Están intentando ver se lles dan as alturas e se lles dá todo. Explica que non é só cuestión de insonorizar o local, porque para ter esa actividade hai que ter unha licenza para realizala, e a actividade é de café-cantante. Por iso é complicado, pero van intentalo e ver se o poden facer alí.

Se non se pode, entón vai ser moi complicado buscar un sitio que se adapte ás necesidades que teñen. Xa foron a medir e agora a ver se lles dan as medidas para facelo, porque se non tiveran a ese veciño poderían ir insonorizando e se acabou o problema, pero o problema é se non teñen licenza para realizar a actividade e o veciño eles entenden que vai seguir denunciando. Ese é o problema,

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, pregúntalle ao Sr. alcalde se pode facer unha pequena intervención en relación coa pregunta anterior.

O Sr. alcalde contéstalle que non, que despois pasa o que pasa. De todas formas di que el en ningún momento na sesión do outro día notou que se agredira verbalmente ou se insultara ao grupo do PP, e repite que se fora así teríalle chamado a atención a calquera dos presentes. Non é porque sexa o Partido Popular, é porque el cre que non foi así, ou se foi el non se deu conta, polo tanto, foi decisión dos concelleiros populares abandonar hoxe este pleno e facer o que teñan pensado facer.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica Mª Otero López